

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6188 *Real decreto 660/2012, do 13 de abril, polo que se modifican determinados anexos do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.*

A normativa básica que regula en España o control oficial do rendemento leiteiro é o Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, cuxo obxecto foi o establecemento da normativa básica de coordinación e funcionamento do control oficial do rendemento leiteiro en gando bovino, ovino e caprino en España, e cuxa finalidade é a valoración xenética dos reprodutores a través dos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas.

A propia norma habilita na súa disposición derradeira segunda o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (actual ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) para que dite cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación, e mesmo para modificar o contido dos anexos para a súa adecuación á normativa comunitaria ou ás recomendacións do Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal (ICAR, na súa sigla en inglés).

No tempo transcorrido desde a súa aprobación, foron numerosos os avances alcanzados no ámbito da comprobación de rendementos do gando, aos cales non foron alleas as organizacións de criadores de gando de raza no noso país, como tampouco os seus órganos representativos no ámbito autonómico nin os centros autonómicos de control leiteiro.

Así mesmo, e dando resposta á petición do sector e de diversas administracións autonómicas, cómpre facer máis flexibles as marxes de discrepancia entre as medicións dos controis realizados por un controlador autorizado e os realizados nas auditorías, para ter en conta as particularidades que poden afectar a produción leiteira dunha reproductora en particular e tomar decisións respecto aos seus resultados, polo que se debe modificar o anexo I do Real decreto 368/2005, do 8 de abril.

Por outro lado, o uso de métodos de cálculo de lactacións moito máis sinxelos e eficientes promoveu a simplificación da sistemática de control leiteiro, así como a informatización e automatización na xestión das gandarías, métodos que deben ser recollidos nos anexos II, III e IV do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, e que atenden, en calquera caso, a unha simplificación da metodoloxía.

Para o mellor logro destes fins, optouse por facer remisión ás recomendacións do Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal, de acordo coas instrucións de aplicación destas establecidas pola Comisión nacional do control leiteiro oficial, as cales se farán públicas mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, cuxa publicidade se garantizará mediante a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.*

O Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, queda modificado como segue:

Un. O anexo I substitúese polo seguinte:

«ANEXO I

Especificacións comúns aos regulamentos do control leiteiro oficial das especies bovina, ovina e caprina

Serán de aplicación aos regulamentos do control leiteiro oficial das especies bovina, ovina e caprina as recomendacións publicadas periodicamente polo Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal (ICAR), de acordo coas instrucións de aplicación destas establecidas pola Comisión nacional do control leiteiro oficial, que se farán públicas mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no “Boletín Oficial del Estado”.»

Dous. O anexo II substitúese polo seguinte:

«ANEXO II

Regulamento do control leiteiro oficial do gando bovino

Serán de aplicación á especie bovina, como regulamento de control leiteiro oficial, as recomendacións publicadas periodicamente polo Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal (ICAR), de acordo coas instrucións de aplicación destas establecidas pola Comisión nacional do control leiteiro oficial, que se farán públicas mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no “Boletín Oficial del Estado”.»

Tres. O anexo III substitúese polo seguinte:

«ANEXO III

Regulamento do control leiteiro oficial do gando ovino

Serán de aplicación á especie ovina, como regulamento de control leiteiro oficial, as recomendacións publicadas periodicamente polo Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal (ICAR), de acordo coas instrucións de aplicación destas establecidas pola Comisión nacional do control leiteiro oficial, que se farán públicas mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no “Boletín Oficial del Estado”.»

Catro. O anexo IV substitúese polo seguinte:

«ANEXO IV

Regulamento do control leiteiro oficial do gando caprino

Serán de aplicación á especie caprina, como regulamento de control leiteiro oficial, as recomendacións publicadas periodicamente polo Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal (ICAR), de acordo coas instrucións de aplicación destas establecidas pola Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial, que se farán públicas mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se publicará no “Boletín Oficial del Estado”.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE